

MEMORIA XUSTIFICATIVA

OBRA: MELLORA DO ENTORNO DA PRAZA KETTY QUINTANA
EXPEDIENTE: 2024/C003/000003
POS+2024

OBXECTO DO CONTRATO

Trátase da realización do proxecto de **MELLORA DO ENTORNO DA PRAZA KETTY QUINTANA**

Este proxecto, foi aprobado por Pleno da Corporación na sesión realizada o día 7 de febreiro de 2024.

O presente proxecto contempla a mellora da praza Ketty Quintana e os seus entornos. Pretendese a pavimentación das beirarrúas actuais, nunha superficie total de 645 m² e previa demolición das existentes, con 5 cm de zahorra e con baldosa de formigón vibrado de 60x40x6 granallada. As beirarrúas estarán delimitadas por un bordo prefabricado de formigón tipo C-3, e adxacente a elas executarase unha rigola de 30 cm. con 15 cm de formigón. A praza Ketty Quintana, previa retida mobiliario urbano, sinalización, colectores ou calquera elemento que poida dificultar a actuación e previa demolición do pavimento existente, pavimentarase con 15 cm. formigón HF-4,0 desbastado en seco. Finalmente contemplase a colocación de 4 bancos circulares de formigón de 3 metros, 4 papeleiras, 2 bancos de formigón de 2000x490x495 mm, 2 xardineiras de madeira e estrutura de formigón 1,5x1,5x1,0 m e execución dun paso elevado de peóns con formigón HF-4,0 .

Constan no expediente:

- Circular da Deputación Provincial da Coruña, Servizo de Xestión de Plans, sobre a aprobación definitiva.
- Autorización sectorial emitida polo organismo correspondente.

O proxecto de MELLORA DO ENTORNO DA PRAZA KETTY QUINTANA ascende a contía de 110.953,70 €

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN.

Xustifícase a necesidade de contratación conforme á Lei de Contratos do Sector Público (LCSP) pola obrigatoriedade que a Lei 7/85 de, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, que no artigo 26) di: “Los municipios deberán prestar en todo caso, los servicios siguientes:

a) En todos los Municipios: alumbrado público, cementerio, recogida de residuos, limpieza viaria, abastecimiento domiciliario de agua potable, alcantarillado, acceso a los núcleos de población y pavimentación de las vías públicas.

(...)

2. En los municipios con población inferior a 20.000 habitantes será la Diputación provincial o entidad equivalente la que coordinará la prestación de los siguientes servicios:

(...)

e) *Pavimentación de vías urbanas.*

(...)"

O proxecto que se pretende levar a cabo é idóneo para a realización da obra MELLORA DA PRAZA KETTY QUINTANA.

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO e IMPORTE TOTAL:

O valor estimado da ascende á cantidade de 91.697,27 euros máis 19.256,43 euros de IVE, que fan un total de: 110.953,70 euros estando os custos xustificadas no proxecto.

XUSTIFICACIÓN DA NON DIVISIÓN EN LOTES.

Non procede a licitación por lotes da obra mencionada pois pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividida por lotes que sexan obra completa.

PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN:

Propónse utilizar o procedemento aberto simplificado con varios criterios de adxudicación, todos de carácter obxectivo, e polos seguintes motivos:

- O importe da contratación é moi inferior ao límite legal que a Lei de Contratos do Sector Público (LCSP) establece para tal procedemento e polo tanto pode utilizarse.
- Trátase dun procedemento áxil que permitirá cumprir con maior facilidade os perentorios prazos que a Deputación impón para a licitación.
- Ao introducir outros factores de valoración ademais do prezo, permitirá escoller a mellor oferta para a Admon., sen atender exclusivamente a cuestións económicas, e tendo máis en conta a calidade prezo.

REQUISITOS DE SOLVENCIA:

Ao tratarse de obras de Plans provinciais é preceptivo o uso dos Pregos aprobados ao respecto pola Deputación Provincial polo que as consideracións sobre solvencias son adecuadas ao especificado na Lei. En canto á clasificación esixida para considerar acreditada solvencia, é segundo o indicado polo arquitecto municipal é a de:

Grupo: G , subgrupo 6 categoría 1. (arts. 25 e 26 do Real decreto 1098/2001)

RESPONSABLE DO CONTRATO:

É o persoal da Oficina Técnica baixo a supervisión da Alcaldesa e concelleiro de Obras e urbanismo.

ENCARGADO DO SEGUIMENTO E EXECUCIÓN:

O director de obra, que oportunamente será nomeado, baixo a supervisión do arquitecto municipal e a sra. Alcaldesa e concelleiro de obras e urbanismo.

Na data da súa sinatura dixital
A Alcaldesa

Asinado dixitalmente